

**Agrelo de Isorna** cre firmemente na necesidade dun compromiso coa terra na súa arte. Non só empregando os diferentes materiais que nacen nela, como a pedra, a madeira, as tinturas naturais... senón tamén pola temática que desenvolve nas súas obras e que nos recrean os autores rianxeiros clásicos, os seus textos ou o seu pensamento. A exposición que nos propón será un percorrido por todo ese mundo cultural, político e creativo de Agrelo. Porque el cre na arte como ferramenta para a construción do país, indisolubelmente unida ás súas propostas no eido do activismo cultural, con Galiza como guieiro e como meta. Desde as ribeiras do Ulla, xa a piques de se encontrar coa ría, onde Agrelo ten o seu centro de operacións, comparte connosco a súa andaina creadora.

**Adolfo Muíños Sánchez**  
**Alcalde de Rianxo**

## O ARTISTA/O AUTOR

Xosé Agrelo Romero (Isorna-Rianxo), titulado en deseño e moblaxe (nivel de cualificación 3) é un artista vocacional. Fórmase no mundo da talla sobre madeira no obradoiro de Alfonso Romero a idade moi temperá. Fixo varios cursos de decorado sobre madeira, torneado e composición de tingues naturais en laboratorio. Asistiu ó congreso internacional de deseño e arquitectura. Salientar a investigación que fixo da madeira no agro galego, e a súa importancia, baixo o título : “A CARPINTERÍA DE AGRO. UN PATRIMONIO CULTURAL ARTESÁN”. Parte deste traballo está publicado a modo de artigo.

Dende o ano 2005 retoma de novo esta vocación que deixara aparcada na súa adolescencia. O seu labor actual céntrase na creación escultórica e tinguido en madeira e pedra en varios tamaños.

Coa madeira, a súa creatividade persoal, o particular uso das ferramentas que abarcan dende a policromía, a cera natural, ou o envellecemento da madeira, fai de cada unha das súas tallas e tinguidos unha obra única.

## EXPOSICIÓNS

- Ano 2010 “O MISTERIO DAS VETAS”. Casa da Cultura Ramón Martínez López, de Boiro. Unha fusión de tres linguaxes, escultura, pintura e poesía. Foi moi ben acollida pola crítica.

## EXPOSICIÓNS QUE COORDINOU

- Ano 1986. Exposición de fotografía “O PATRIMONIO CULTURAL E POPULAR” do municipio de Rianxo. Pazo de Martelo.

- Ano 1986, “FOTOS DE CASTELAO” (Comisión Centenario Castelao). (Pazo de Martelo).

- Ano 1993. “O PATRIMONIO DO ROMÁNICO NO INTERIOR DE GALIZA” (Barcelona).

- Ano 1998. “ARTISTAS RIANXEIROS EN ISORNA”. Casa da República de Isorna.



## DESEÑOS

- Ano 1975. Deseña o cartel “QUEREMOS UNHA IGREXA GALEGA” “QUEREMOS LITURXIA EN GALEGO”.
- Ano 1993. Por encargo do B.N.G. na emigración, deseña a pancarta que portou o colectivo galego na multitudinaria manifestación per las carrers de Barsalona “POLA DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO NA SEAT”.
- Ano 1999, deseña o estandarte do grupo de baile galego “DANZARALIAR”, pertencente ao C.C.F.R.R.
- Ano 2006, deseña e crea a porta “GALIZA”.
- Ano 2009, deseña unha colección de mobles “EU SON GALEGO”
- Ano 2009, deseña o valado en madeira da escola infantil “PRÍNCIPE FELIPE” de Pontevedra. Inspirado nas cancelas do agro galego.



Por Xosé Agrelo  
2006

## EXPOSICIÓN

### HOMENAXE NOUTRORA ARESTORA HOMENAXE de Agrelo



**Rianxo, Cuartel Vello, 1º andar**  
do 14 de agosto ao 11 de setembro do 2014

visitas de luns a sábados de 10:00 a 14:00 e de  
17:00 a 21:00, atendidas polo autor